

Texto: **MARTIN JENKINS**
 Ilustracións: **VICKY WHITE**
 Tradución: **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. Ciencia
 48 páxinas en color. 25,5x31 cm.
 Disponible en:

-Galego: "Simios"
 ISBN 978-84-96957-25-1
 -Castelán: "Simios"
 ISBN 978-84-96957-26-8

Prezo: 16 €

SIMIOS


Hai cinco tipos de grandes simios no mundo. Os cinco son diferentes entre si, pero non moi diferentes. En realidade todos pertencen á mesma familia. Catro destes simios son moi escasos: os orangutáns, os chimpancés, os bonobos e os gorilas...

FAKTORÍA K presenta un álbum ilustrado de gran formato sobre os grandes simios que habitan o planeta. Catro deles están nunha delicada situación a nivel de conservación da especie, mentres que o quinto, o ser humano, exerce non só sobre eles, senón tamén sobre o resto das criaturas, unha dominación que os está abocando á extinción.

Trátase dun estudo informativo, ben documentado e fundamentado dende o punto de vista científico, para inculcarlle ao público infantil a sensibilidade polo medio ambiente e a concienciación que require apostar polo equilibrio e a protección do contorno que nos rodea, independentemente da súa lonxanía. Así, invita aos máis cativos a pensar, sentir e imaxinarse na pel destes simios, para coñecer máis sobre a súa vida, os seus costumes, a súa intelixencia e a súa forma de pensar.

Martin Jenkins, afincado en Cambridge, é biólogo de conservación e consultor dunha organización dependente de Nacións Unidas adicada á preservación da natureza. Foi galardoado polo seu traballo con varios premios, entre os que figuran en 1998 o TES Information Book of the Year Award e a Medalla de Ouro Kate Greenaway.

Vicky White, que vive en Surrey, traballou como coidadora nun zoolóxico e comprometeuse coa situación dos grandes monos aloxados no zoo de Cheshire, onde se afeccionou a debuxalos. Este é o seu primeiro álbum para público infantil.



- **Temática:** libro de ciencias sobre os grandes simios
- **Idade recomendada:** dende 6 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións realistas e detalladas; información sobre cada especie (hábitos, localización xeográfica, grao de conservación); concienciación medioambiental, defensa dos dereitos dos animais; inclúe enderezos de contacto de organizacións internacionais comprometidas con esta causa